



CONCELLO DE NARÓN

Reunidos na Casa do Concello, o día 17 de xaneiro de 2017, ás 11,30 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato denominado “Reforma de elementos de accesibilidade e seguridade vial na rúa Concepción Arenal e Praza da Gándara” formada por D. José Manuel Blanco Suárez (Alcalde), que actuará como presidente; D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario da Corporación); Dna. Pilar Canzobre Méndez (Interventora da Corporación) que actuarán como Vogais, e por último D. Ignacio Mazaira Garro, que actúa como Secretario da Mesa.

Aberta a sesión pola presidencia, procedese a lectura e exame do informe técnico emitido en relación coa xustificación da baixa desproporcionada presentada pola empresa Excavaciones Saavedra y López S.L.

Neste informe asinado por D. José Manuel Saavedra Pantín, considérase xustificada a proposta presentada

A Mesa de Contratación, ratifica este informe e acepta a oferta presentada pola mercantil Excavaciones Saavedra y López S.L..

Así as ofertas que continúan en la licitación, obteñen, con referencia aos criterios de adxudicación, a seguinte a puntuación:

Entidade	Criterios obxectivos	non	Criterios obxectivos	Total
Saavedra y López S.L.	23,35		50	73,35
Loylesa S.A.	19,75		40,66	60,41
José No Mantiñan e Hijos Construcciones S.A.	23,10		33,44	56,54
Gonnaba S.L.	21,75		31,33	53,08

A vista destas puntuación, a Mesa de Contratación propón a adxudicación deste contrato, á empresa coa mellor oferta, segundo a puntuación dos criterios de adxudicación contemplados no prego de condicións, Excavaciones Saavedra y López S.L.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e corenta e cinco minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo os membros da mesa.



Asdo. José M. Blanco Suárez

Asdo. Alfonso de Prado Fernández Canteli

Asdo. María del Pilar Canzobre Mendez

Asdo. Ignacio Mazaira Garro